

A SALGADEIRA

Entre Mourisca e Udra, a última salgadeira da Ría de Pontevedra. En monte comunal desamortizado a mediados do S. XIX, a familia Plá-Avalle construíu un almacén para a salga da sardiña.

Atravesando o portón de entrada, áchase a pequena vivenda á esquerda e unha chanca á dereita. Nesta, uns depósitos (os píos) eran utilizados para saturar de sal o peixe. No lado oposto, o morto ou lugar de prensado aínda conserva os machos, eixos da palanca que exprimía a auga e a graxa da mercadoría xa envasada. Os restantes espacios da fábrica acollían os almacéns, alfolís e carpintería. No centro do patio, o pozo da auga –tan necesaria no proceso de elaboración- e as barricas de pedra para o lavado.



MONTE UDRA

Udra e a súa vexetación representan á sociedade anterior ás reformas pesqueiras do s. XVIII. A el acodían os veciños de Beluso, co seu escaso gando, pois as terras de labranza non eran abondo como para obter a manutención anual. Este monte era o pastizal comunal donde os pobres encontraban o substento.



COLABORAN:



UN PASEO POLA HISTORIA MARÍTIMA DE BUEU



O ROTEIRO DE CABO UDRA

Ó INICIO DE ANDAR

O punto de partida deste paseo será a praia de Beluso, co seu pequeno porto, antano centrado nas pesqueiras de sardiña e cordel. As construcións existentes reflicten só unha parte das desaparecidas salgadeiras de peixe e o importante movemento comercial por elas xerado no século XIX. Apelidos cataláns como Domenech, Castañer, Marty ou Plá-Avalle trouxeron a riqueza a estas costas, situaron as súas industrias ó pé da praia e crearon un porto pesqueiro e comercial.

A conserva substituíu á salga, facéndose necesaria a adaptación ó novo sistema de comercialización para lograr a supervivencia: a sociedade Prieto-Carballal enlataba os seus produtos ó final da Primeira Guerra Mundial nesta ribeira.

A pesca de cordel representaba á economía complementaria. Realizada desde as pequenas dornas – embarcacións tradicionais de vela aínda existentes nesta praia- alternaban coa extracción de sardiña. A imaxe dos tendais secadeiros de polbo e badexo están perdidas na retina do tempo, a causa de incontestables razóns



A ROIBA

Ós poucos metros da praia de Beluso, chégase á Roiba. Novamente, os vellos almacéns de salga foron adaptados no tempo (o primeiro deles, á conserva; o segundo como cetárea). Obsérvase desde a saída que todos estes edificios industriais manteñen adosada unha vivenda.

No mar áchanse as pedras Blanca, Carallo de Burro e o Cabalo, emblemáticas referencias dun pobo mariñeiro. Tras elas fondeara o seu barco, nun pasado ben lonxano, o pirata Benito Soto, a fin de desembarcar os tesouros das súas andanzas.

A COSTA PESQUEIRA

De sempre, a praia de Beluso presentouse como lugar adecuado para a pesca de arrastre. Sen embargo, o incremento da actividade extractora fíxoa insuficiente, obrigando ós nosos pescadores a utilizar novas postas desde as que poder utilizar os seus aparellos.

Así camiñando por riba do mar, atópase a praia de Sartaxéns. Nela, desde o monte, cun día de augas transparentes, reloce entre as rochas submerxidas o sendeiro polo que un destro patrón é capaz de calar un boliche ou unha xábega.

Continuando a praia, dous penedos no mar bordean, cada un pola súa beira, unha posta da ardora, nomeándose as rochas “pedras xeiteiras”.

Outro pequeno areal (Aguda) antecede á boa praia de Tuia. Tanto unha como outra eran adecuados postos desde os que manexar a arte barredeira da rapeta.

Remata este percorrido pesqueiro na Mourisca. Pedras cheas de peixes: os Petóns da Frangulla, ó levante do faro, e as Lobeiras, ó ponente, o Con da Mourisca, ...

